

Branca de Neve: A parte que descoñeces

Esta non é a historia que levas escoitado dende neno, pos nesta vas descubrir todo o que quedou no esquecemento da coñecida historia de Branca de Neve. Todo comezou coma é de esperar polo nacemento da nosa protagonista, é ben sabido dende sempre que a súa nai pregaba por unha nena coa pel branca coma a neve. Mais o que seguro descoñecedes é o motivo: a súa nai tivera un encontro cun escravo que traballaba na mina, e temía que aquel encontro dera lugar a un descendente fora do matrimonio da súa etnia.

Afortunadamente para ela a sorte sorriulle é tivo unha cativa tan fermosa que ninguén poría en dúbida de quen era. Ben, pode ser que non tivera tanta sorte, pois durante o parto acolleuna a morte no seu leito.

Branca de Neve non tiña quen a coidara, pois o seu pai debía marchar co exército a loitar. Antes de emprender unha viaxe que nunca contou coa súa volta, casou coa que sería a madrastra de Branca de Neve.

Criouse afastada do reino, a súa madrastra era a reina do lugar pero deixoulle claro dende moi nena que non a quería nos arredores do seu castelo. Branca de Neve gañouse a súa vida traballando nos bares dos arredores, ate que a idade dos 15 anos atopou un que polo momento duráballe na taberna preto do bordel.

Ás veces marchaba durante o día e ía ao bosque dando longos percorridos afastada de todos os comentarios sobre ela. Existía xente que xulgaba o seu traballo aínda que a maioría compadecía dela e do destino que lle acontecera, pois de todos era sabido que na súa casa nunca fora ben recibida e gañárase o pan de cada día por ela mesma.

Os días acontecían monótonos, algunhas veces unha que outra pelexa na taberna, pero nada fora do normal. Ate aquel día, ese día chegaron á taberna un grupo catro mozos que ninguén coñecía, os rumores dicían que eran irmáns, pero outros contaban qué se adicaban a traballar xuntos, aínda que ninguén sabía en que.

Encontrábanse sentados no medio da taberna, e coma se fosen outros clientes calquera Branca de Neve acercouse a eles. Atendeulles con normalidade e observounos durante o resto da súa xornada, pois aínda que eles remataran seguiron acomodados na taberna ata o seu peche. Cando Branca de Neve dirixíase cara a súa casa de súpeto sentiu como a collían, non podía ver nada pois tiña un saco por enriba dela e sentía a presións de varios pares de man sobre ela. Dun momento a outro deixou de loitar cando unha desagradable perfume atacou o seu nariz e caeu nun profundo sono.

Non sabe moi ben cando espertou, se pasaran días ou horas, pero o que si sabía era que escoitaba unha conversa ao outro lado da porta da habitación na que se atopaba. Distinguíanse voces de varios homes e parecían estar a pelexar acerca dela, da súa vida. Escoitou con atención como o que calculaba que eran tres homes defendían a súa morte, mentres que un empeñábase en non matala aínda.

Branca de Neve mirou polo oco da mira e asombrada contemplou os catro homes da taberna. Seguiron falando por moito máis tempo, dándolle a Branca de Neve toda a información, que a súa “nai” finalmente decidira apartala da súa vida.

Os homes remataron de falar e achegáronse a porta, Branca de Neve deuse de conta de que querían entrar polo que apresuradamente separouse da porta e arrincouse na esquina na que espertara.

Soamente entrou un home, que tras de si pechou a porta. Díxolle que non se fixera a durmida, pois el sabía que ela estivera a escoitar toda a conversa. Branca de Neve non intentou escondelo así que terminou por abrir os ollos. Na taberna non observara moito aos catro homes, pero sen dúbida lembraba o medo que impuñan xuntos. Mais o que tiña agora diante case parecíalle un bo rapaz, non aparentaba moitos máis anos ca ela, e sen dúbida debía de ser o irmán pequeno dalgún dos outros.

Ese día non falaron, unicamente compartiron miradas, despois do que el dixera deixoulle un prato con comida e marchou pechando a porta.

Branca de Neve perdera a consciencia do tempo, so sabía que ao segundo ou ao terceiro día leváranla a outra habitación, a unha de verdade, ata cun cuarto de baño! A partir dese momento todo foi monótono. Escoitaba as disputas noutro lado da porta e remataban co mozo de sempre entrando para darlle algo de comer.

Un día el comezou a falar, díxolle que non quería facelo pero que non podía facer nada mais que convencer os seus compañeiros para mantela con vida. Dende ese momento, cando el entraba faláballe, contáballe o que lle custaba mantela con vida, pero que non podería vivir sabendo que matara a alguén. Nun dos seus monólogos contoulle quen era, contou o que Branca de Neve sospeitaba, que era o irmán pequeno dalgún dos outros.

O tempo pasou e nada cambiou ate que Branca de Neve un día moveu os beizos e comezou a falar con el. Non lle berrou, non lle pediu nada, unicamente dixo “creo que xa foi o meu aniversario”, e volveu ao seu silencio.

O día seguinte o mozo leváralle un festín, e Branca de Neve preguntoulle o motivo, el respondeu que era o seu agasallo de aniversario e que era todo canto podía dar. Ese día Branca de Neve non calou, díxolle que parara, que non facía máis que confundila, pois ela quería odiarlle pero non podía. Despois diso el calou, e marchou sen dicir nada.

Por dúas semanas non volveu e nese tempo estivo nas mans dos outros, pero os seus coidados non podíanse compararse, non lle daban conversa e a duras penas déronlle comida. Cando el volveu non lle falou pero Branca de Neve si que o fixo. “Fuxamos xuntos de aquí, ninguén nos encontrará”. Non obtivo resposta.

Branca de Neve non sabía canto tempo pasara e so sabía que quería fuxir daquel lugar e volver a súa vida, inda que fora noutra parte do mundo.

Coma se de maxia se tratase ese mesmo día canto atopábanse preto da noite, el sacouna daquel lugar.

Se pensades que fuxiron xuntos equivocádesvos, sacouna para levala a traballar a unha mina, díxolle que se traballaba alí ninguén sospeitaría. E ninguén o fixo.

Pensaredes porque non escapou, a cousa dise rápido: non sabía onde estaba e todas as portas tiñan alguén que as custodiara. Noutras palabras, Branca de Neve cambiou de lugar pero non de situación, agora polo menos podía moverse.

Na mina traballaba moita xente, máis ben eran explotados, se cadra tamén ela mesma. Na mina comezou a falar cos nenos pequenos. Branca de Neve non comprendía coma uns nenos tan pequenos podían estar alí. Acabou por comprender que había familias que nunca chegaron a selo, pois para algúns o diñeiro parecía ser o sangue que percorría as súas veas.

Un día apareceu por alí el, non podía chamalo o seu salvador, pois fora tamén o seu secuestrador. Dixera que estaba en perigo que descubriaran que non a matara e que debía esconderse noutro lado. Branca de Neve negábase a irse sen os sete nenos aos que tanto apego lles collera.

A toda presa acabaron por burlar a vixilancia das minas e fuxir polo medio do bosque. Branca de Neve era libre, os sete rapaciños, os seus sete meniños, os sete enaniños eran libres, pero el, el non debía de selo. Esa noite cando acamparon a durmir no medio do bosque nove foron os que se deitaron, mais ao día seguinte só oito espertaron.

Contan que foi Branca de Neve quen cobrou vinganza co secuestrador, que pese a ser o máis bo, seguiu sendo parte do seu pesadelo. Hai quen di que foron os lobos e tamén hainos que din que foron os enaniños, estes coñecían a historia de Branca de Neve, e por ela fixéranlo.

Nunca saberemos o que pasou esa noite, pero o que si sabemos e que ninguén o chorou, polo menos diante dos outros. Sábese dos sete enaniños e de Branca de Neve que acabaron por facer a súa vida no medio do bosque, afastado de todo e de todos. Sábese deles que viviron coma outrora non o fixeran, en familia.